sumario 2

colaboracións

25 aniversario. 3

Traballando a ciencia na educación infantil 4

Educación Física: un dereito de tod@s... 5

As competencias básicas. 6

complementarias

Imos de excursión. 7

A praza de abastos. Cinensino 8

escolares

O entroido 10

Día da Paz 11

8 de marzo. Día da Mullar 15

Recantos

Do escritor. 16
Do artista. 16
Do lector. 17

anpa a ferradura 18/19

editorial

Antonio Fernández Regos
Director

Un novo número do noso xornal "Banzo" está nas nosas mans, nel pretendemos que aqueles que serán o futuro non moi afastado, os nosos adultos sexan responsables da súa sociedade, e que esta siga funcionando.
Detrás deles estamos nos, adultos responsables da súa educación e formación, temos que conseguir que eles vexan uns "modelos", preocupados, participativos, para que poidan aprender a colaborar, participar nas diferentes actividades, compartir, axudar, traballar, …
Dende aquí quero animar a todo o profesorado a plasmar traballos, opinións, experiencias, actividades, etc; tamén animo as nais e país a participar, e non desaproveitar estas páxinas para sorprenderse ao descubrir algunha das capacidades das súas fillas e fillos.
Tamén ás alumnas e alumnos, xa que o redor deles xira a nosa razón de ser mestres e profesores , a participar, opinar, a ser creativos, a ser valentes e atrevidos, a intentar mellorar o noso mundo , a opinar con alegría .
Todas e todos podemos opinar, discutir, compartir ideas sobre a ensinanza, viaxes, consumo, ecoloxía, paz, xogos, deportes, amizade, profesións, libros, arte, etc.; e todo isto podémolo expresar en galego, con debuxos, fotos, textos, chistes,…
Creo, en definitiva que temos nas nosas mans ou mellor instrumento para a formación en todos os aspectos, e sería unha pena non aproveitalo.

AS NOVAS TECNOLOXÍAS: NECESARIAS PARA MELLORAR A CALIDADE DA ENSINANZA.

Vivimos anos de cambios profundos no relativo ao coñecemento e utilización do que chamamos xenéricamente NN TT (Novas Tecnoloxías) e que van desde as cámaras dixitais de fotografía aos reprodutores de música MP3, MP4, MP5 e das cámaras de vídeo ao uso das impresoras, e do escáner, lousa dixital, e sempre, presidindo todo, o coñecemento e manexo da rede de redes, Internet.
Os nosos fogares están cheos de pequenos artiluxios que aos adultos, en ocasións, cústanos entender e manexar e que, sen embargo , os nosos fillos e fillas pronto se converten en expertos usuarios. E cada vez son máis e máis imprescindibles. O Colexio nin pode nin debe quedar o marxe na utilización destas novas tecnoloxías e na súa incorporación decidida ao seu uso diario. Por iso, a nosa aposta é clara; estamos firmemente convencidos da necesidade de incorporar estes novos recursos ao noso labor docente, e os nosos esforzos van encamiñados cara a este fin. Dispoñemos dunha aula de informática, equipada con 27 ordenadores con conexión a Internet. Por ela pasan todos os nenos e nenas acompañados do profesorado correspondente desde Infantil de 4 anos a 6º de Primaria, nela traballan con diferentes aplicacións multimedia, que nos cursos iniciais, lles axudarán na aprendizaxe da lectoescritura ou na iniciación ao cálculo e ás Matemáticas; ademais de ir aprendendo a colocar os dedos para facilitar despois unha mellor escritura cun programa de mecanografía., dispoñemos de programas Clic, Jclic e outros que teñen unha grande cantidade de actividades diferentes que serven para reforzar e profundizar o traballo nas diferentes áreas.
Todo iso, desde os primeiros cursos da súa escolaridade, vai conformando a "alfabetización dixital" dos pequenos, que fará que vexan e sintan o ordenador como o que é: unha ferramenta poderosa, potente, un instrumento de enorme valor que deberán coñecer e utilizar ao longo da súa andadura escolar.
Ademais, en algunhas aulas, dispoñemos dun equipo que nos permite realizar outro tipo de traballo, xa non é o traballo en grupo amplo que se realiza na aula de informática; estamos falando dun traballo moito máis individualizado e persoal que cada titor ou titora administra e reparte en función do momento escolar correspondente.
Todo iso, e xa desde fai algúns anos, está "obrigando" ao profesorado a unha labor persoal de formación e reciclaxe no uso das NN TT. As ferramentas están aí, só nos queda utilizalas. E nese empeño estamos implicados.
Por outra banda, está a entrada no PROXECTO ABALAR (destinado a integrar as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) no sistema educativo galego), no que temos solicitado a nosa incorporación, isto significaría que se faría o cableado completo do centro (que xa temos solicitado a Consellería desde fai tempo), e que dispuxéramos de conexión a Internet en todos e cada un dos recunchos do colexio, enriquecendo enormemente o traballo que podemos desenvolver na aula, xa que poderemos acceder á rede para realizar calquera tipo de consulta, sen necesidade de desprazarnos ata a aula de informática, procuras en dicionarios ou enciclopedias on-line, consulta e lectura de xornais dixitais, procura de imaxes e outros materiais diversos, posibilidade de manter contactos con escolares doutros centro. Como exemplo da nosa decidida aposta polo emprego das NN TT nas nosas prácticas habituais, temos a páxina web do centro, que está colgada na rede desde fai uns uns anos e que continuamente renovamos. Podedes consultala na seguinte enderezo:
http://centros.edu.xunta.es/ceippioxii/
Alí atoparedes imaxes e colaboracións das diferentes actividades que se van realizando día a día no colexio: festas, saídas, actividades complementarias… un pouco de todo. É a páxina da comunidade escolar que, nunha forma ou outra, todos formamos e imos texendo día a día.
As novas tecnoloxías, son un recurso moi valioso e motivador ao servizo da ensinanza.